

## Parque Nacional de Cabrera.

A historia do arquipélago de Cabrera sufriu varios xiros radicais. Pasou de mans privadas a ser expropiado con fins militares, e tras un longo e comprometido proceso social, pasou, en marzo de 1991, a ser Parque nacional Marítimo-Terrestre, condición que mantén na actualidade.

Aínda que os seus valores terrestres son incuestionables, é nos seus fondos onde se atopa a súa plenitude. A verticalidade dos seus cantís emerxidos sucédese sen discontinuidade baixo a auga, a transparencia da cal faina máis nítida aínda a paisaxe submarina, onde pululan cardumes de distintos peixes; palometas, bogas, doncelas, chaparellas.

A pesca foi unha das principais labores das habitantes das Baleares. Neste Parque Nacional abundan as especies de interese comercial, como o muxo e o espetón, e o peixe limón, tamén chamado lecha ou serviola, acompañados de nutridos bancos de sabogas.

Malia non ser especialmente abundantes, as pradarias de Posidonia non podían faltar nunca área protexida representativa dos ecosistemas mediterráneos. Coloniza alguna das baías e forma por sí mesma un sistema ecolóxico, sobre sustratos variados, aínda que aquí o preferente sexa o de area fina. Comparte a zona iluminada con algas fotófilas, sobre as que nadan os sargos bicudos, os serráns riscados e as palometas.

Pero en Cabrera predominan os sustratos rocosos, e con eles, os peixes de rocha; sargos, serráns riscados, corbinas, meros, salmonetes da pedra, entre outros; unha riqueza íctica que fai de Cabrera un lugar de referencia en todo o Mediterráneo.

Ás veces, a diversidade e magnificencia da paisaxe mergullada rememoran a maxestuosidade das catedrais.

Outros navegantes achéganse a estas illas. Son augamares da especie *Pelagia noctiluca*. Estes invertebrados, arrastrados pola dinámica mariña e congregados en grandes bancos, ao chegar á costa introdúcense nos seus recantos, como na Cova Blau de Cabrera.

Pero se hai un peixe que representa como ningún os fondos de Cabrera é o mero, ou tamén o seu parente achegado, outro serránido, o falso abadexo, que adoita nadar nas verticais paredes da illa maior.

Máis alonxados das paredes, os peixes limón nadan en bancos sobre os areais submarinos. Xa nas rochas, as moreas defenden o seu territorio; a súa adaptabilidade permítelles colonizar diversos ambientes e fonduras.

Ademáis dos arcos e columnas submarinas, as covas e cavernas mergulladas son abundantes no arquipélago, e nesa escuridade dominan os tons vermellos dos salmonetes reais e das estrelas de mar. Aínda que tamén outros habitantes das grutas presentan outras coloracións, como o pardo das lorchas ou bertorellas e os tons claros dos ceriantos.

Cabrera, en fin, resumo complexo da diversidade biolóxica e da historia do mundo mediterráneo.